



Concello de
OURENSE

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Praza de San Martiño nº 2 baixo
32005 – Ourense

Tel. 988388154

Acta da Comisión Avaliadora da selección das persoas participantes no proxecto de mobilidade transnacional xuvenil do Concello de Ourense 2017, no marco da Orde do 2 de maio de 2017 da Consellería de Política Social (DOG nº 92 do 15 de maio).

Lugar de celebración : Praza San Martiño nº 2 - Baixo

Data : Día 26 de setembro de 2017

Hora comezo : 11:30 horas

Hora remate : 12:00 horas

Asistentes

PRESIDENCIA: María Soffa Godoy Gómez-Franqueira (Concelleira de Xuventude)

VOGAIS: José Javier Rivera Martínez (Xefe de Servizo de Xuventude)

Mª Sonia Cuquejo López (Funcionaria responsable da tramitación do proxecto)

SECRETARIA: Ana Isabel Pérez Lorenzo (Coordinadora de programas de xuventude)

Orde do día

1.- Avaliación das solicitudes dos aspirantes admitidos/as para participar no programa de mobilidade transnacional xuvenil do Concello de Ourense 2017.

2.- Rolda de intervencións.

Mediante Decreto nº 2017005799 de data 7 de setembro de 2017, procedeuse a aprobar e publicar no taboleiro de anuncios no Concello de Ourense, o listado definitivo de persoas admitidas e excluídas para participar no proxecto de mobilidade transnacional Galeuropa do Concello 2017 e nomeamento da Comisión Avaliadora.

Por parte da instructora no proceso, emítise informe dándolle conta á Comisión Avaliadora do resultado da avaliación, da primeira fase segundo o recollido na fase 6ª de dita convocatoria.

1ª FASE: máximo 6,50 puntos

I. A antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, desde a data de inscrición no ficheiro ata a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes que se establece nestas bases, ata 1,20 puntos, puntuando 0,10 por cada mes que leve inscrito.

II. Valorarase a maior idade da persoa solicitante. Máximo ata 1,40 puntos (terase en conta a idade cumprida da persoa o mesmo día que teña finalizado o prazo de presentación de solicitudes que se establece nesta convocatoria).

Maiores de 28 anos: 1,40 puntos

De 26 a 27 anos: 1,20 puntos

De 24 a 25 anos: 1 puntos

De 22 a 23 anos: 0,80 puntos

De 20 a 21 anos: 0,60 puntos

De 18 a 19 anos: 0,40 puntos

III. Mulleres vítimas de violencia de xénero ou solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen, sempre que a acreditación das ditas circunstancias fose emitida con anterioridade á data da presentación das solicitudes:

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV:1067FPIRMXDOJE0V



2 puntos.

IV. Persoas en risco de exclusión social: 1,90 puntos

1º FASE

NOME E APELIDOS	Antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil	Valoración da idade do participante	TOTAL
Nuria Mangana Rivas	1,2	0,8	2
Addrielle Arismendy Méndez González	1,2	0,4	1,6
David López López	0,2	1	1,2
Alba Rodríguez Cougil	0,1	0,8	0,9
Sandra Novoa Vázquez	0	0,8	0,8

Co gallo do cumprimento do procedemento establecido na convocatoria para a selección das persoas participantes no programa de mobilidade transnacional xuvenil do Concello de Ourense 2017, a presidenta fai entrega de toda a documentación do expediente para ser examinada polo órgano Colexiado encargado da súa avaliación.

2ª FASE: máximo 4,50 puntos

I. Test escrito de motivación e participación no programa de mobilidade: ata un máximo de 1,50 puntos. Consistirá en 15 preguntas tipo test sobre motivación e participación no programa Galeuropa, valoradas en 0,10 puntos cada unha. (Unha vez realizado o test de todas as persoas participantes porase á súa disposición o modelo de respostas correctas).

II. Redacción cun máximo de 10 liñas na que se amplíe a información sobre a motivación para participar no programa e os resultados esperados a nivel persoal e laboral. Ata un máximo de 3 puntos.

Tralas deliberacións oportunas a Comisión de Avaliación formula a seguinte proposta:

2º FASE

NOME E APELIDOS	Test escrito de motivación	Redacción sobre a motivación de participar no programa	TOTAL
Sandra Novoa Vázquez	1,2	3	4,2
Nuria Mangana Rivas	1	3	4
Addrielle Arismendy Méndez González	0,9	3	3,9
David López López	0,8	3	3,8

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV:1067PF1RMXD0JEOV



Alba Rodríguez Cougil	0,8	3	3,8
-----------------------	-----	---	-----

O resultado da avaliación dos participantes en ambas fases é a seguinte:

NOME E APELIDOS	1º FASE	2º FASE	TOTAL
Nuria Mangana Rivas	2	4	6
Addrielle Arismendy Méndez González	1,6	3,9	5,5
David López López	1,2	3,8	5
Sandra Novoa Vázquez	0,8	4,2	5
Alba Rodríguez Cougil	0,9	3,8	4,7

De conformidade coa avaliación anterior, faise a seguinte proposta:

1.- Seleccionar aos aspirantes ao programa de Galeuropa do Concello de Ourense 2017 seguintes:

NOME E APELIDOS	1º FASE	2º FASE	TOTAL
Nuria Mangana Rivas	2	4	6
Addrielle Arismendy Méndez González	1,6	3,9	5,5
David López López	1,2	3,8	5
Sandra Novoa Vázquez	0,8	4,2	5
Alba Rodríguez Cougil	0,9	3,8	4,7

3.- Excluir aos seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	1º FASE	2º FASE	TOTAL
Alba Rodríguez Cougil	0,9	3,8	4,7

As persoas seleccionadas para participar en Galeuropa presentarán no Rexistro do Concello de Ourense no prazo de 2 días hábiles, contados a partir da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello da relación de seleccionadas: copia cotexada da tarxeta sanitaria europea ou solicitude desta e unha declaración xurada obrigatoria para poder realizar a mobilidade. A non presentación desta documentación suporía a renuncia a participar no proceso.

Na declaración xurada, as persoas participantes deberán facer constar que están informadas de:

- Que a asignación do país de preferencia dependerá do proceso de selección de participantes. A organización do programa intentará que a actividade da empresa onde se realicen as prácticas sexa o máis axeitada posible ás preferencias e estudos da persoa participantes.



Concello de **OURENSE**

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Praza de San Martiño nº 2 baixo

32005 – Ourense

Tel. 988388154

- Que os custos do curso de idiomas, da viaxe ao destino da práctica, aloxamento e manutención están cubertos polo programa.
- Que autoriza a publicación do seu nome e da súa imaxe e que se comprometen a enviar unha foto na que apareza a empresa da práctica e nunha actividade cultural, lúdica e deportiva, tal como esixe a normativa do programa Galeuropa.
- Que no caso de que se abandone a práctica en empresa sen causa xustificada, non se obterá o certificado de participación e correrá á cargo da persoa participante a volta a Galicia dende o país da práctica e o aloxamento e manutención dende o día que deixa de acudir á empresa.
- Que coñece que as prácticas laborais non son remuneradas, polo que non se recibirá contraprestación económica ningunha por parte da empresa nin do Concello promotor do proxecto.
- Que se compromete á observación dun código de conduta ético nas empresas das prácticas e durante o transcurso da mobilidade.
- Que se compromete a realizar a totalidade da mobilidade, cubrindo os horarios sen faltas de asistencia non xustificadas.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto este acta como secretaria.

A Presidenta

M^a Sofía Godoy Gómez-Franqueira

Vogal designado pola Concellería

M^a Sonia Cuquejo López

A Secretaria

Ana Isabel Pérez Lorenzo

Xefe de Servizo de Xuventude

José Javier Rivera Martínez

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV:1067P1RMXD0JE0V

Asinado por: MARIA SOFÍA GODDY GÓMEZ-FRANQUEIRA. - 34984172E 6
Cargo : CONCEDEGA-Concellería Delegada
Data sinatura: 26/09/2017

Asinado por: sigoela 4
Data sinatura: 26/09/2017

Asinado por: JOSÉ JAVIER RIVERA MARTÍNEZ 2
Cargo : XSECCUV-Xefe de Servizo de Cultura, Xuventude e Participación Cidadá
Data sinatura: 26/09/2017

Asinado por: MARIA SONIA CUQUEJO LÓPEZ
Cargo : XASECCUV-Xefa de Sección de Xuventude
Data sinatura: 26/09/2017